



Aos Medios de Comunicación

CCOO DENUNCIA AS CONDICIÓNS INFRAHUMANAS NAS QUE SEGUE A TRABALLAR O PERSOAL DO SERGAS DURANTE AS VAGAS DE CALOR

A Sección Sindical de Sanidade de CCOO de Ourense, Verín e a do Barco de Valdeorras denunciou en Xullo de 2025 ante a Inspección de Traballo ao SERGAS da Área Sanitaria por as condicións de estrés térmico que está a sufrir o persoal desta Área, tanto na maioría dos Centros de Saúde que están sen climatización, como nas zonas asistenciais do Complexo Hospitalario de Ourense que tampouco teñen climatización.

A normativa estatal obriga as empresas a adaptar as condicións de traballo cando se activen avisos de fenómenos meteorolóxicos adversos por temperaturas elevadas de nivel laranxa ou vermello por parte da AEMET para que as medidas preventivas garantan a protección dos/as traballadores/as.

O ISTAS elaborou un estudo sobre estrés térmico e sobre medidas e protocolos de actuación de mellora e prevención no traballo antes eventos climáticos e vagas de calor. Como medidas a tomar, a parte das evidentes, como son ter climatización e ventilación adecuadas, propón disminuir as cargas físicas de traballo así como aumentar as pausas de descanso/hidratación, adecuar a vestimenta de traballo e uniformidade...

A Dirección da Área Sanitaria non pode xustificarse en que non estaban preparados para esta vaga de calor que estamos a sufrir estes días, xa que durante os últimos anos, as delegadas de Prevención de CCOO da Área Sanitaria de Ourense advertiron nos diferentes Comités de Serguridade e Saúde que este era un problema repetitivo cada verán, ata que o ano pasado non lle quedou máis remedio que denunciar a Inspección de Traballo que fixo un requerimento ao SERGAS instando a que se foran tomando medidas preventivas para paliar os efectos da calor na provincia.

A realidade é que a maioría dos Centros de Saúde da Área Sanitaria de Ourense non teñen climatización; que as Unidades de Hospitalización do Edificio Cristal seguen sen climatización adecuada; igual que as consultas do Hospital Santa María Nai, así como o Hospital de Piñor. Isto está a provocar que nas zonas de traballo se superen os 30°C e provoque mareos, dores de cabeza, malestar xeral tanto ao persoal como aos usuarios.

A propaganda que está a facer a Consellería de Sanidade dos presupostos que ten para paliar o calor nos centros de saúde e hospitalarios NON se reflicte na realidade diaria dos profesionais e usuarios da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Dende CCOO pensamos que esta Xerencia da Área Sanitaria mantén unha actitude reiterada de desprezo ante os/as delegados/as de Prevención e de inacción ante as condicións climáticas extremas e adversas da Provincia de Ourense non cumprindo o seu deber como empregador de manter as mellores condicións posibles nas zonas de traballo e protexer a saúde dos/as seus traballadores/as.

EXIXIMOS SOLUCIÓN XA, antes que teñamos que lamentar accidentes laborais ou enfermidades profesionais por esta causa.